

Limiar

1. Xustificación e consideracións didácticas

A presente obra pretende tratar os dous aspectos implícitos no seu título: por unha banda o que os filósofos pensaron sobre as mulleres (discurso que é necesario deconstruír), e, por outra, o que pensaron as mulleres cando accederon á Filosofía (discurso que precisa ser reconstruído). Inténtase, ademais, relacionar os dous aspectos, xa que as mulleres filósofas pensaron en primeiro lugar sobre o que os filósofos tiñan pensado acerca delas e así, por exemplo, as ideas de Mary Wollstonecraft son en boa medida unha resposta ás de Rousseau e as de Simone de Beauvoir o son a case todo o pensamento patriarcal dos seus contemporáneos.

Trátase de achegar un novo material didáctico de Filosofía que contribúa a paliar o esquecemento que o tema das mulleres ten sufrido nos currículos específicos das materias de Bacharelato, neste caso de Filosofía I e II. Este esquecemento non fai máis que reflectir e perpetuar a invisibilidade que sufriron as mulleres ao longo da historia. Aínda que a educación para a igualdade entre os sexos está contemplada como tema transversal na ESO e no Bacharelato, segue sen tratarse o tema do xénero na súa especificidade, salvo quizais algunha pincelada na materia de ética de 4º de ESO cando se fala dos movementos feministas ou algunha referencia puntual nalgun libro de texto de Bacharelato. A historia e problemática das mulleres así como o estudo da súa obra filosófica non teñen cabida no presente plano de estudos, o cal supón unha visión nesgada da nosa cultura que condiciona unha educación androcéntrica no alumnado. Ademais, este legado cultural parcial leva unha ausencia de modelos ou de xenealoxía feminina, de memoria e de pasado co que as alumnas se poidan identificar; en consecuencia, e en palabras de Hannah Arendt, vense imposibilitadas para continuar a tarefa de *engadir algo propio ao mundo*. Se queremos coeducar de verdade é necesario tomar conciencia de que a sociedade e a cultura conforman no profesorado e no alumnado certas actitudes e valores que poden contribuir a unha estrutura social inxusta que discrimina as mulleres en xeral e as alumnas en particular.

Se a Filosofía é un pensamento crítico que cuestiona o que comunmente aceptamos sen preguntarnos polo seu sentido, a conceptualización dos sexos debe ser unha cita obrigada no re-pensar filosófico que son as nosas clases. A filosofía sempre foi cuestionamento, revisión e reelaboración de nocións tradicionalmente aceptadas, tanto máis debe selo duns roles sexuais xerarquicamente diferenciados que agora están en plena crise e previsible reconstrución. A función reflexiva e crítica da Filosofía aparece contemplada nos currículos dos novos Bacharelatos: “A Filosofía é un modo de saber racional peculiar –distinto das ciencias e doutros

saberes— que se vai construíndo ao longo da súa historia facendo unha ‘reflexión radical e crítica’ sobre os problemas específicos referidos á totalidade da experiencia humana”¹.

Ademais, a coeducación e o cuestionamento dos valores androcéntricos da nosa cultura aparecen citados como valores na lexislación educativa vixente: “(...) consolidar e desenvolver nos alumnos as actitudes e hábitos característicos do humanismo e a democracia, adquirindo independencia de criterio e xuízo crítico para valorar con rigor e ponderación feitos, accións e opinións, desenvolvendo actitudes de tolerancia e valoración doutras culturas e de solidariedade cos individuos e grupos desfavorecidos, marxinados e oprimidos, e asumindo unha posición crítica ante os valores e actitudes androcéntricos da nosa cultura”². Ou ben “Adoptar unha actitude crítica ante todo intento de xustificación das desigualdades sociais e ante toda discriminación, xa sexa por razón de sexo, raza, crenzas ou doutras características individuais e sociais”³.

Os recursos didácticos que aquí se ofrecen poden servir para adaptarse aos bloques temáticos de Filosofía I “O ser humano” e “A sociedade”, para tratar na optativa de 2º de Bacharelato “Introdución ás Ciencias Políticas e á Socioloxía”, pero tamén, e sobre todo, para incorporarse e así completar as lagoas que aparecen nos materiais didácticos ao uso de Filosofía II: Platón, Aristóteles, Tomé de Aquino, Rousseau e Nietzsche aparecen tratados aquí desde a perspectiva de xénero e ademais presentámoslos polemizando coas súas contemporáneas. Escollemos un autor de cada época histórica, aínda que da Época Antiga incluimos tanto Platón coma Aristóteles, polo chamativo contraste entre as súas respectivas conceptualizacións do feminino, a pesar de seren pensadores coetáneos. No entanto, vímonos na dificultade de atopar textos escritos por mulleres desa época, non porque non houbera poetas (Safo), filósofas (Aspasia) ou científicas (Hipatia, Teano) destacadas, senón porque non se conservan os seus textos ou están incompletos; así que decidimos introducir como contrapunto aos textos dos filósofos fragmentos das comedias de Aristófanes e das traxedias de Sófocles e Eurípides, onde lles prestan a súa voz a personaxes femininas que, como todas as personaxes ben construídas, se tornan independentes do seu creador e comezan a falar con voz propia. Na Idade Media recolleemos textos de Tomé de Aquino e de Cristina de Pizán como o seu contrapunto. Na Época Moderna centrámonos en Rousseau e o contrapunto, que ademais é unha resposta directa a Rousseau, pono Mary Wollstonecraft. Por último, na Época Contemporánea comentaremos a Nietzsche e, máis polo miúdo, a Simone de Beauvoir.

- 1 Decreto 231/2002, do 6 de Xuño, polo que se modifica o Decreto 275/1994, do 29 de Xullo, polo que se establece o currículo do Bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia. Currículo de Filosofía I e II, Introdución. DOGA do 15 de Xullo de 2002.
- 2 Currículo da Educación Secundaria Obrigatoria. Real Decreto 135/1991, do 6 de Setembro.
- 3 Decreto 231/2002, do 6 de Xuño, polo que se modifica o Decreto 275/1994, do 29 de Xullo, polo que se establece o currículo do Bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia. Currículo de Filosofía I e II, Obxectivos. DOGA do 15 de Xullo de 2002.

Prescindimos de expor tanto as biografías como os respectivos sistemas filosóficos dos autores masculinos, porque pensamos que xa están suficientemente tratados na bibliografía ao uso, tanto a de carácter didáctico como a de carácter científico. Dos filósofos unicamente abordaremos, a través dos seus propios textos, o tratamento que fan da muller. Das filósofas, en cambio, debido precisamente ao esquecemento ao que son sometidas nos manuais de Filosofía, cremos conveniente ofrecer unha pequena biografía de cada unha, así como unha pequena introdución á súa obra. Por último, cada un dos bloques históricos estará precedido por unha breve contextualización na situación sociocultural que viven as mulleres en cada unha das épocas e por unha escolma das filósofas destacadas nese momento.

A achega deste novo material didáctico poderá axudar ao alumnado a desvelar o nesgo patriarcal das materias de Filosofía, que poden ser utilizadas como exemplificación do androcentrismo que percorre o pensamento occidental. Tamén servirá para que coñezan outros aspectos, igualmente importantes e habitualmente esquecidos, da filosofía dos autores do currículo, así como o pensamento das autoras que “aínda” non están incluídas nel.

Outra posible aplicación do material elaborado podería ser a súa utilización para a elaboración dunha materia optativa como a que existe no MEC desde hai anos, “Papeles sociales de hombres y mujeres”, ou para a nova materia obrigatoria que se implantará a nivel estatal denominada “Educación para a cidadanía”, dentro da cal está contemplado como parte do programa o tema da educación para a igualdade entre homes e mulleres e a prevención da violencia de xénero e das actitudes sexistas.

En canto á metodoloxía didáctica, asumimos os presupostos da Teoría da aprendizaxe significativa de Ausubel e Novak, contextualizada na psicoloxía cognitivo-construtiva de Piaget, é dicir, propomos un modelo educativo que potencie o proceso de ensino-aprendizaxe como un proceso de construción (ou reconstrución), que, mediante a integración dos novos contidos na estrutura cognoscitiva do alumnado, transforme progresivamente as súas capacidades cognoscitivo-interpretativas.



Suposto retrato da poeta Safo de Lesbos (s.Va.C.).

2. Introducción

Diciamos no apartado anterior que este traballo presenta unha dobre vertente: na primeira pretendemos deconstruír a conceptualización do feminino a partir dos textos dalgúns filósofos e na segunda intentamos reconstruír unha xenealoxía feminina na historia do pensamento. É dicir, mentres que na primeira pretendemos esbozar unha pequena crítica da razón patriarcal, no contrapunto intentamos a un tempo bosquexar unha historia da teoría e a práctica feministas e unha historia das mulleres filósofas, todo isto co fin de visibilizar e recuperar un pasado que é necesario para iluminar a nosa identidade presente e para orientar o noso futuro. Porque, como di Hannah Arendt, a ausencia de memoria ou de tradición indica, a un tempo, a *dificultade de conservar e a de innovar* e, polo tanto, a imposibilidade de crear novos significados para o mundo. Cada novo fragmento que pasara inadvertido pola tradición e que consigamos recuperar obrigará necesariamente a re-pensarnos, a producir sentido, a reinterpretar o mundo e, como consecuencia, a transformalo⁴.

Propoñémonos, ao mesmo tempo, desvelar a fonda preocupación con que os grandes filósofos se ocuparon do tema da muller nos seus escritos. Lonxe de ser un asunto secundario (nunca aparece nos manuais de Historia da Filosofía nin nas monografías) nin sequera transversal, como se diría agora, é un tema absolutamente central nas teorías antropolóxicas, sociais e políticas de todos os filósofos. Todos o trataron con profusión, logo será porque dalgún xeito o consideraban importante. Por iso resulta tanto máis chocante que “a muller” non apareza nunca nos temas do currículo nin nos libros de texto de Filosofía I nin de Filosofía II, como se fose un asunto do que os filósofos non se tivesen ocupado. Por que se oculta este tema á hora de facer Historia da Filosofía? Quizais sexa o momento de poñelo de manifesto para non seguir contribuíndo coa nosa docencia á invisibilización que sofren as mulleres, tanto cando son obxecto de estudo como cando son suxeitos do mesmo.

Fronte ao que se pensa habitualmente, debido a prexuízos que levan a unha ignorancia deliberada de certos temas, os textos dos filósofos están repletos de citas e mesmo de capítulos enteiros dedicados ao tema de como son, como deben ser e como deben conducirse as mulleres. Sempre foi un asunto que lles preocupou profundamente. “A muller” é un concepto que se foi construíndo coas palabras doutro, coas palabras da dominación; a muller foi, en palabras de Amelia Valcárcel, “heterodesignada” por científicos, escritores, moralistas, políticos, médicos, artistas, sacerdotes e tamén por filósofos. A súa “esencia” foi definida, caracterizada e conceptualizada até a saciedade, e xa sabemos, desde Nietzsche, que os conceptos son cárceles que inmovilizan e simplifican a infinita diversidade dos individuos. No entanto,

4 Recomendamos a este respecto os artigos de Fina Birulés: “Indicios y fragmentos: historia de la filosofía de las mujeres”, e de Rosa M^a Rodríguez Magda: “Del olvido a la ficción. Hacia una genealogía de las mujeres”, na compilación de Rosa M^a Rodríguez Magda (Ed.): *Mujeres en la historia del pensamiento*. Anthropos, Barcelona, 1997.

fronte a todo tipo de esencialismos, “as mulleres” somos, como di Celia Amorós, algo máis que un nome, pero bastante menos que unha esencia.

Polo que acabamos de dicir, os que deixaron de considerar importante o tema da conceptualización das mulleres non foron os filósofos, que pretendían describir e normativizar o mundo na súa totalidade cos seus grandes sistemas, senón os historiadores da Filosofía. Pero este esquecemento, como todos, diría Freud, non é inocente, senón que é un acto fallido que en realidade oculta unha nova manobra, agora xa non de definición e, polo tanto, de produción, como a dos filósofos (toda definición é unha limitación, un cárcere), senón de invisibilización e, polo tanto, de exclusión: o que non se ve simplemente non existe. Ademais, esta perspectiva nesgada que adoptou a historia da filosofía ao ignorar ou considerar impertinentes unha parte dos textos orixinais, impide coñecer realmente o pasado e, polo tanto, comprender o presente e intentar cambiar o futuro.

Foron os chamados “estudos de xénero”, que empezaron a estenderse polas universidades americanas e europeas a partir dos anos 80 do pasado século, os que comezaron a sacar á luz desde distintas perspectivas o que a historiografía se empeñara en ocultar, dando lugar porén a un efecto colateral negativo: os académicos ao uso acantoaron unha vez máis estes estudos no seu compartimento-estanco como se fosen secundarios, “cousas de mulleres”, ao tempo que seguiron considerando anecdótico e que non afectaba para nada ao grosso da filosofía o que un determinado filósofo tivese dito sobre a cuestión do xénero. Pero, estaría de acordo con esta consideración o filósofo en cuestión? Case ningún profesor de Filosofía coñece, por exemplo, o que escribiu Aristóteles sobre as mulleres e como explicaba a súa inferioridade, no entanto si que todos coñecen a súa xustificación da escravitude; ese, ao igual que o das clases sociais, por exemplo, si que é considerado un tema importante, digno de ser tratado coa centralidade que merece.

Pero os estudos de xénero non só sacaron á luz (non había máis ca ler sen anteoilleiras) o que os filósofos dixeran sobre as mulleres, senón tamén o que responderon as propias mulleres en canto se lles deixou a oportunidade de facelo, é dicir, en canto tiveron “un cuarto de seu” como diría Virginia Woolf e unha mínima posibilidade de acceder ás institucións educativas e ao mundo da cultura. Porque as mulleres sempre responderon, aínda que fose fragmentariamente e coa voz prestada. E diso trata precisamente o contrapunto do noso traballo, da resposta feminista. Falamos aquí de feminismo nun sentido amplo, xa que houbo feminismo sempre que as mulleres, individual ou colectivamente, se queixaron tanto na teoría como na práctica do seu inxusto destino dentro do patriarcado e reivindicaron un cambio de situación. Neste senso, sempre houbo teoría e práctica feminista. No entanto, nun sentido máis restrinxido, non podemos falar con propiedade de feminismo até a Ilustración, xa que é neste momento cando o feminismo (teórico e práctico) deixa de ser unha queixa e atopa por fin o concepto clave en torno ao cal se vai articular: o concepto de igualdade vai ser o fundamento teórico para a nova praxe emancipatoria que comeza coa Revolución Francesa.

3. Obxectivos

Como obxectivos principais deste traballo cabe destacar:

- Estimular e contribuír a desenvolver actitudes tales como a solidariedade e colaboración entre ambos sexos, tentando detectar aqueles obstáculos que impiden a igualdade real entre o alumnado.
- Fomentar unha actitude crítica fronte aos estereotipos de xénero reflectidos nos textos filosóficos en forma de conceptualización esencialista do sexo.
- Coñecer e valorar criticamente as conceptualizacións que se fixeron sobre as mulleres ao longo da Historia da Filosofía.
- Coñecer e valorar as principais achegas das filósofas ao longo da Historia da Filosofía.
- Reivindicar a importancia dos estudos de xénero na interpretación da realidade actual e na comprensión da nosa cultura.
- Comprender a importancia da contribución tanto da teoría como da praxe feministas na longa loita pola igualdade entre os seres humanos.
- Facer un balance dos estereotipos sexistas mantidos polos representantes da cultura (filósofos en particular) e transmitidos polas institucións sociais como a familia, a escola, a igrexa, os medios de comunicación.



En 1860 o movemento das sufraxistas inglesas conseguiu mobilizar moitas mulleres para reclamar o dereito ao voto.

BLOQUE I

FILOSOFÍA ANTIGA



Detalle dun vaso ático no que aparecen Safo e Alceo (s.V a.C.).

1. Situación sociocultural das mulleres na Antiga Grecia e breve escolma das filósofas antigas.
2. As conceptualizacións do feminino na Filosofía grega a través dos textos de Platón e Aristóteles.
 - 2.1. A conceptualización do feminino en Platón.
 - 2.2. A conceptualización do feminino en Aristóteles.
3. O contrapunto: as figuras femininas nas obras de Aristófanes, Sófocles e Eurípides.

1. Situación sociocultural das mulleres na Antiga Grecia e breve escolma de filósofas antigas

Na Grecia antiga as mulleres non tiñan dereitos cívicos de ningunha clase, o seu status era moi similar ao dos escravos: non podían votar nin ter un emprego público, herdar ou posuír propiedades. Ser cidadán grego de plenos dereitos estaba reservado a unha elite que non supoñía máis dunha cuarta parte da poboación total. Cidadán era só o varón nacido libre que descendía de cidadáns; os estranxeiros, os escravos e as mulleres estaban excluídos do dereito de cidadanía. A muller non era cidadá, senón esposa ou filla de cidadán, é dicir, menor de idade e dependente dos varóns durante toda a súa vida. Tomar parte nos actos públicos, asembleas, teatro, xogos, ritos e competicións era tamén monopolio dos varóns libres; as mulleres honradas non debían participar en actos públicos onde houbese homes. O espazo público, a política, era dominio do home, e o espazo privado, o *oikos*, o fogar, era dominio da muller. A exclusión das mulleres da vida pública facía que quedaran relegadas á vida doméstica, ao interior do *xineceo*, do que case nunca saían: o mantemento das posesións, a dirección dos escravos e as tarefas domésticas, así como o coidado dos nenos eran as súas actividades cotiás.

A excepción estaba representada polas mulleres espartanas que podían saír aos espazos públicos, facían exercicio físico igual que os varóns, corrían, loitaban, lanzaban o disco e levaban saias curtas, o cal resultaba escandaloso en Atenas, onde as mulleres dos cidadáns levaban sempre vestidos longos e discretos. As únicas mulleres que gozaban de certa liberdade en Atenas eran as hetairas ou cortesás cultas, maiormente estranxeiras, que recibían una formación intelectual e artística para agradar aos homes nos banquetes. Algunhas tiveron unha notable influencia na sociedade da época.

A formación que recibían as mulleres orientábase basicamente a facer delas boas esposas, por iso as nenas aprendían a fiar e a tecer, así como algo de música e danza. En Esparta, onde as mulleres gozaban de maior liberdade, elas mesmas organizaban as súas actividades, e podían dedicarse ao estudo da música e a practicar exercicios ximnásticos: participaban mesmo nos desfiles de atletas, aínda que non competían con eles. Na Grecia asiática e nas illas, as mulleres recibían máis formación intelectual, por iso destacaron poetas como **Safo** de Lesbos (que tiña unha escola para mozas) ou mestras de retórica como Aspasia de Mileto. No ámbito das ciencias tamén destacaron algunhas mulleres, como a pitagórica Teano, a astrónoma-matemática-filósofa Hipatia de Alexandría ou **Agnocide**, médica ateniense que foi condenada a morte por exercer a medicina sendo muller e salvouse, segundo a lenda, pola solidariedade das atenienses que ameazaron con quitarse a vida se se executaba a sentenza.

A opinión que os antigos gregos tiñan das mulleres resúmese no mito de Pandora, relatado por Hesíodo. Segundo este poeta, a primeira muller, Pandora, foi creada por

Zeus como castigo para os homes; da caixa que ela abriu saíron todas as dores e calamidades que se espallaron polo mundo. É dicir, a muller é a causa de todos os males. Este mito terá o seu paralelo no de Eva da tradición xudeocristiá como causante do pecado orixinal e do conseguinte castigo divino. Como veremos despois, Aristóteles, afirmaba que as mulleres son por natureza máis débiles e máis frías que os homes porque non están acabadas de facer, son varóns incompletos, de aí que avellentan antes, teñan a carne máis branda e o cerebro máis pequeno. Tamén para Aristóteles, a muller en canto nai non é máis que o soporte alimenticio e físico, a terra onde aniña o feto, sendo o pai o que deposita a semente xerminativa.



Na Grecia antiga o papel da muller era absolutamente secundario, non tiña ningún dereito e a súa actividade centrábase nos labores do fogar e coidado de fillas e fillos.

No entanto, ao igual que a misoxinia romántica do século XIX é unha resposta ao feminismo ilustrado, a misoxinia aristotélica é tamén unha resposta á Ilustración sofística e ao movemento de emancipación feminina ligado a ela que se estaba a vivir na Atenas do século V-IV. Segundo A. Valcárcel, a Ilustración sofística tiña producido “o pensamento da igualdade entre os sexos, ou o convencionalismo das barreiras nacionais, ou a absurdidade da escravitude, como uvas do mesmo acio que se reclaman unhas a outras”⁵. A Ilustración sofística vai ligada, polo tanto, a un movemento de emancipación feminina iniciado probablemente entre os círculos das hetairas, movemento do que dan testemuña a profusión de obras literarias e filosóficas (*Medea*, *Lisístrata*, *Tesmoforias*, *Asembleístas*, *Aspasia*, *Melanipa a filósofa*, *Menéxeno*, *Banquete*...) nas que as protagonistas son mulleres ou nas que personaxes como Sócrates se recoñecen discípulos de mulleres como Aspasia ou Diótima; tamén na preocupación que se da neste momento pola educación feminina e polo tema da economía ou administración doméstica (véxanse, por exemplo, *Os económicos* de Xenofonte ou do Pseudo-Aristóteles)⁶. Tendo en conta a censura que sufrí-

5 A. Valcárcel: *Sexo y Filosofía*. Ánthropos, Barcelona, 1991, p. 39.

6 Tese sostida por numerosos estudosos e documentada por José Solana Dueso na súa introdución a *Aspasia de Mileto. Testimonios y Discursos*. Anthropos, Barcelona, 1994.

ron os libros de mulleres na súa transmisión á posteridade, é moi probable que tanto as noticias que temos acerca deste movemento coma dos casos de excepcionalidade feminina non sexan máis que a punta dun iceberg. O que si é bastante seguro é que Aspasia de Mileto tivo que ser unha pioneira deste movemento de emancipación feminina, tanto pola relevancia do seu pensamento como pola súa práctica vital, tan molesta para moitos (de aí o seu procesamento) como a do propio Sócrates.

As primeiras filósofas das que se ten noticia pertenceron á escola pitagórica. Segundo Jámblico, na súa *Vida de Pitágoras*, foron dezasete as principais **discípulas de Pitágoras**: Timica, Filtide, Ocelo, Ecelo, Quilónide, Cratesiclea, Teano, Mía, Lastenia, Abrotelea, Equécrates, Tirsenide, Pisírrode, Teadusa, Boio, Babelica e Clecma. A máis destacada foi a médica e matemática **Teano**, muller de Pitágoras.

Outras filósofas das que temos noticia son **Areté**, filla de Aristipo de Cirene, fundador da escola cirenaica, á que se lle atribúe a dirección da escola cando morreu o seu pai;



Sócrates, moi influído pola actividade da súa nai e polo pensamento das filósofas da súa época, compara o "oficio" de filósofo co oficio das parteiras. Estas –diactúan sobre o corpo das mulleres, eu sobre as almas dos homes.

Hiparquia a cínica, da que se coñece a existencia das súas *Cartas e Traxedias*; **Lastenia de Mantinea** e **Asiotea de Filos** foron discípulas e pode que profesoras na Academia platónica a mediados do século IV a. C. e a **Diótima** do *Banquete* de Platón parece que tamén tivo existencia real. Ademais das anteriores escolas e da de Safo en Lesbos, no Xardín de Epicuro tamén se admitían mulleres.

Un lugar moi destacado ocupa **Aspasia de Mileto**, amante ou posiblemente esposa de Pericles. Sabemos dela que era experta en retórica e erótica e, segundo algunhas interpretacións, autora do epitafio do *Menéxeno* de Platón e do discurso (transmitido por Tucídides) que pronunciou Pericles no comezo da guerra do Peloponeso. Só temos noticias da etapa da súa vida que vai entre o 25 e os 45 anos, que foron os que compartiu con Pericles. Á morte deste parece que casou con Lisicles e estes son os únicos datos polos que aparentemente merece ser mencionada na Historia. Gran parte dos datos referentes á súa vida proceden de cómicos como Aristófanes, que a facían responsable de manipular a Pericles nas súas decisións políticas, por exemplo, a guerra contra Samos ou mesmo a guerra do Peloponeso. Sabemos que naceu en Mileto en torno a 470 a. C. e que se traslada a Atenas coa súa irmá e o seu cuñado máis ou menos 20 anos despois. Sabemos tamén (por Platón e Xenofonte) que Sócrates foi dis-

cípulo seu na arte da oratoria e que, coma el, sufriu un proceso por impiedade durante o cal Pericles (segundo Antístenes) derramou moitas lágrimas, sendo finalmente absolta. A súa fama de hetaira ou cortesá pode que se deba simplemente a que era unha estranxeira fóra do común, xa que non levaba a vida do resto das mulleres atenienses, recluídas no xineceo. Parece que estaba ao fronte dun negocio que os atenienses consideraban un bordel, pero que debía ser un escola de retórica ou un centro de educación para mozas. Pode que estas mozas acabasen sendo hetairas, pero non se pode dicir que todas as hetairas, polo feito de manter relacións sexuais máis libres, fosen prostitutas. As hetairas eran mulleres libres, non ligadas a ningún varón en particular, que tiñan formación intelectual e participaban nos *simposia* que celebraban os varóns como bailarinas, músicas, modelos ou acompañantes.



Aspasia de Mileto.

Aspasia era unha muller culta que participaba no *andrón* das reunións que celebraba Pericles, por quen era tratada como unha igual, que discutía cos convidados de política e que lles ensinaba a compoñer discursos. Unha conduta tan pouco común para unha muller non podía máis que granxearlle a fama de hetaira.

Esquines e Antístenes, ambos discípulos de Sócrates, escribiron cadanseus diálogos titulados *Aspasia*, que curiosamente⁷ se perderon, pero dos que conservamos algúns fragmentos, citados o primeiro por Cicerón e Ateneo, e referencias do segundo por parte de Dióxenes Laercio. No primeiro aparece como conselleira matrimonial para intentar reconciliar a Xenofonte e a súa esposa Filesia, quen, despois de que Aspasia os faga argumentar por medio das preguntas axeitadas, teñen que acabar recoñecendo que, se ambos desexan ter o mellor esposo e a mellor esposa respectivamente, ambos desexan ser a mellor esposa e o mellor esposo. Este fragmento recollido por Cicerón será citado varios séculos despois por Heloísa nas súas cartas a Abelardo. Heloísa reivindicará a autoridade de Aspasia para validar o seu amor por Abelardo, pero non considerará a Aspasia como un modelo de liberdade sexual, senón de amor sincero.

■

7 “A nosa opinión é que, dada a mentalidade dominante en Grecia e Roma, e posteriormente nos transmisores medievais destas culturas, os libros de mulleres serían os primeiros expostos á *damnatio memoriae*, o que explicaría a desaparición completa dos mesmos”. José Solana: *Aspasia de Mileto. Testimonios y Discursos*. Anthropos, Barcelona, 1994. Pax. XCIV.

Tamén Platón lle dedicou o diálogo *Menéxeno*, onde aparece como mestra de Sócrates na arte da palabra, pero a súa figura serve como contrapunto á de Sócrates, para contrapoñer, unha vez máis, retórica ou arte da persuasión, fronte a dialéctica ou ciencia da verdade. O discurso de Aspasia que Sócrates reproduce no *Menéxeno* era un epitafio composto para honrar os mortos caídos en combate pola patria. Algunhas interpretacións tamén sosteñen que Aspasia compoñía os discursos de Pericles, como a oración fúnebre que reproduce Tucídides na súa *Historia da guerra do Peloponeso*. A contraposición que presenta Platón é a seguinte: a oratoria crea a realidade, mentres que a dialéctica a descobre; a oratoria é escritura morta, porque non se lle pode preguntar nada, mentres que a dialéctica é escritura viva, xa que pode xerar unha verdadeira descendencia, os novos discursos dos que dialogan. Aspasia emprega retallos de discursos pronunciados noutras ocasións para reutilizalos despois dunha pequena reciclaxe ou arranxo cosmético. A retórica e a sofística, argumenta Sócrates, só serven para enganar a alma, do mesmo xeito que a cosmética e a culinaria (ambas artes de mulleres) enganan o corpo. A retórica, ao igual que a cosmética e a culinaria, son prácticas da adulación e da sedución e non poden ser chamadas técnicas, porque son irracionais e só buscan o pracer; mentres que as técnicas concernentes ao corpo (medicina, ximnasia) e á alma (xustiza, lexislación) son racionais e perseguen o ben.


Aquí podemos ver a asociación de ideas que fai Platón: retórica-persuasión-simulación-engano-adulación-sedución-cosmética-cortesana = Aspasia. “*O discurso persuasivo que utiliza a retórica de Aspasia é un discurso que adoece das mesmas faltas que as cortesás, só busca dar pracer dun xeito rápido, descoidando o pracer producido pola verdade, para o que fai falla dispor de máis tempo*”⁸. Así pois, pechamos o círculo. Platón responde á dúbida dos historiadores, era Aspasia unha mestra de retórica ou unha hetaira? Para Platón non hai diferenza. A liberdade dunha muller parece que non podía ser entendida máis que como liberdade sexual e Aspasia non era máis que unha cortesá que embelecaba a Pericles e manipulaba as súas decisións políticas coas artes de sedución e o engano, propios tanto da arte da oratoria como da prostitución. Unha visión ben diferente da que, como veremos despois, ofrecerá o mesmo Platón na *República* acerca das mulleres.

Pero a filósofa grega máis coñecida é **Hipatia de Alexandría** (370-415), que pertence xa ao final do período helenístico. Era filla do matemático e astrónomo do Museo, Teón de Alexandría, que foi o seu mestre. Filósofa neoplatónica, foi tamén unha gran matemática e astrónoma como proban os títulos de tres das súas obras perdidas: *Comentario á aritmética de Diofanto*, *Sobre as cónicas de Apolonio* e *Corpus astronómico*.

8 Amalia González: *Aspasia*. Ediciones del Orto, Madrid, 1997, p. 45. Da mesma autora e sobre o mesmo tema, o artigo “Aspasia y los epitafios”, en: *Conceptualización de lo femenino en la filosofía antigua*, libro coordinado por Eulalia Pérez Sedeño. Siglo Veintiuno editores, Madrid, 1994.

Parece, aínda que non é seguro, que Hipatia viaxou a Italia e a Atenas, onde estudaría a Aristóteles e Platón. Xa en Alexandría, adquiriu un gran prestixio nos ambientes filosóficos e políticos e parece que chegou a dirixir o Museo en torno ao ano 400, onde a chamaban “a filósofa”. Na súa filosofía unifica o pensamento matemático de Diofanto co neoplatonismo de Amonio e Plotino. O seu discípulo Sinesio de Cirene cóntanos que tentou aplicar o razoamento matemático ao concepto neoplatónico de “Un”. Así pois, era filósofa, científica, mestra e punto de referencia política na comunidade grega de Alexandría, xa que frecuentaba ao prefecto romano Orestes, e ademais era pagá. Todo isto xunto provocou a envexa e o rancor entre os cristiáns, polos que foi brutalmente asasinada: foi violada e lapidada na rúa por un grupo de fanáticos dirixidos por un relixioso chamado Pedro, pero detrás desta agresión suponse que estaba Cirilo, patriarca de Alexandría, que a consideraba responsable das persecucións que sufriran os cristiáns.

En realidade, Hipatia era responsable de ser unha pagá que competía en sabedoría coas autoridades relixiosas da súa cidade, ademais representaba a antiga tradición grega e exipcia de sabedoría feminina e probablemente molestase máis como douta que como pagá. No novo mundo cristián que se estaba empezando a consolidar xa non había sitio nin para a filosofía separada da relixión nin para as mulleres sabias; por iso Hipatia representa a última herdeira do pensamento grego nun mundo romano entregado xa á cultura e á fe cristiáns. A partir de agora emerxerán novas figuras femininas, como son a mártir, a santa ou a virxe.



Hipatia, 1885 (Charles W. Mitchell).